

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023090	Macías o Namorado	Padrón	2021/2022

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ADG	Administración e xestión	CBADG01	Servizos administrativos	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3009	Ciencias aplicadas I	2021/2022	6	175	210

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA ISABEL BRAÑAS ABAD
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Co currículo deste módulo, ademais de contribuír á consecución dos obxectivos propios do título, preténdese dotar ás alumnas e aos alumnos das capacidades necesarias para valorar criticamente e comprender a realidade, e que sexan apropiadas para a resolución de problemas de natureza diversa. Consideramos prioritario contribuír dende este módulo á formación de individuos que se conduzan con hábitos saudables para as persoas e o ambiente -tanto na vida cotiá como na vida laboral- e segundo principios e valores propios dunha sociedade de liberdades e de dereitos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Os números naturais e enteiros.	Aprenderemos a operar con números naturais e enteiros respectando a xerarquía das operacións e aplicando na resolución de problemas do contorno do alumno	30	10
2	Números reais. Unidades	Aprenderemos a identificar os distintos tipos de números reais, a operar con eles e usar todo iso na resolución de problemas. Tamen a medir lonxitudes masas volúmenes e capacidades	30	15
3	Proporcionalidade e porcentaxes.	Aprenderemos a recoñecer si dúas magnitudes son o non proporcionais e si esa relación é directa ou inversa, a calcular porcentaxes e aplicar todo na resolución de problemas	20	10
4	Expresións alxebraicas. Ecuacións e sucesións	Aprenderemos a describir situacións e relacións mediante expresións alxébricas, a operar con elas , a resolver ecuacións de primeiro grao, a recoñecer progresións e usar todo para plantexar e resolver problemas do contorno social ou académico do alumno.	25	10
5	Os seres vivos. Procesos de nutrición (dixestivo, circulatorio e respiratorio) e excreción.	Aprenderemos qué é a célula, a identificar cómo se obteñen os nutrientes, cómo se procesan, se transportan, se utilizan e se eliminan os refuxos e a recoñecer os distintos aparatos que interveñen no proceso.	30	15
6	Procesos de reprodución e relación	Aprenderemos a explicar en qué consiste a función de relación e de reprodución, os aparatos ou sistemas que interveñen nelas e o modo en que o fan.	25	15
7	Saude e enfermidade	Aprenderemos a recoñecer os factores que inflúen na nosa saúde, a identificar os axentes que causan enfermidades infecciosas e cómo se produce o contaxio, a entender a acción das vacinas e antibióticos e outras apartacións da medicina para o tratamento e a prevención de enfermidades infecciosas	15	15
8	A Materia. Mezclas e disolucións. Enerxía e Traballo	Aprenderemos a definir algunhas propiedades da materia, a diferenciar sistemas homoxéneos e heteroxéneos, sustancias puras de mesturas e mesturas de compostos e entre procesos físicos e químicos; a separar mesturas por métodos sinxelos. Tamén a identificar as distintas formas de enerxía e as transformacións que ocorren entre elas, a recoñecer as distintas fontes de enerxía así como as súas vantaxes e inconvenientes, a coñecer a relación entre traballo e enerxía e as súas unidades.	35	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Os números naturais e enteiros.	30

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de números e utilízanse para interpretar adecuadamente a información cuantitativa
CA1.2 Realízanse cálculos con eficacia mediante cálculo mental ou mediante algoritmos de lapis e calculadora (física ou informática)
CA1.3 Utilízanse as TIC como medio de procura de información
CA1.4 Operouse con potencias de expoñente natural e enteiro aplicando as propiedades
CA1.5 Utilízouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica

4.1.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Números reais. Unidades	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Utilizouse a notación científica para representar números moi grandes ou moi pequenos e operar con eles
CA1.6 Representáronse os números reais sobre a recta numérica
CA3.2 Practicáronse os cambios de unidades de lonxitude, masa e capacidade
CA3.3 Identificouse a equivalencia entre unidades de volume e capacidade

4.2.e) Contidos

Contidos
Recoñecemento e diferenciación dos tipos de números. Representación na recta real.
Utilización da xerarquía das operacións.
Interpretación e utilización dos números reais e das operacións en diferentes contextos.
Notación científica. Representación e operacións de suma, resta, multiplicación e división.
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.
Unidades de lonxitude, capacidade e masa no sistema métrico decimal: cálculos, equivalencias e medidas. Uso da notación científica.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Proporcionalidade e porcentaxes.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Resolve problemas matemáticos en situacións cotiás, utilizando os elementos básicos da linguaxe matemática e as súas operacións	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.7 Caracterizouse a proporción como expresión matemática
CA1.8 Comparáronse magnitudes establecendo o seu tipo de proporcionalidade
CA1.9 Utilizouse a regra de tres para resolver problemas nos que interveñen magnitudes directamente e inversamente proporcionais
CA1.10 Aplicouse o xuro simple e composto en actividades cotiás

4.3.e) Contidos

Contidos
Proporcionalidade directa e inversa. Regra de tres. Comparación de magnitudes.
As porcentaxes na economía.
Técnicas de procura de información coas tecnoloxías da información e da comunicación.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Expresions alxebraicas. Ecuacións e sucesións	25

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Resolve situacións cotiás, utilizando expresións alxébricas sinxelas e aplicando os métodos de resolución máis axeitados	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Concretáronse propiedades ou relacións de situacións sinxelas mediante expresións alxébricas
CA9.2 Simplificáronse expresións alxébricas sinxelas utilizando métodos de desenvolvemento e factorización
CA9.3 Resolvéronse problemas da vida cotiá en que cumpra a formulación e a resolución de ecuacións de primeiro grao
CA9.4 Resolvéronse problemas sinxelos utilizando métodos gráficos e as TIC

4.4.e) Contidos

Contidos
Progresións aritméticas e xeométricas.
Tradución de situacións da linguaxe verbal á alxébrica.
Transformación de expresións alxébricas. Operacións alxébricas de suma, diferenza, multiplicación e factor común.
Desenvolvemento e factorización de expresións alxébricas. Identidades notables.
Resolución de ecuacións de primeiro grao cunha incógnita.
Aplicación de métodos gráficos de resolución de problemas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Os seres vivos. Procesos de nutrición (dixestivo, circulatorio e respiratorio) e excreción.	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO
RA8 - Elabora menús e dietas equilibradas sinxelas diferenciando os nutrientes que conteñen e adaptándoos aos parámetros corporais e a situacións diversas	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente
CA6.3 Describiuse a fisioloxía do proceso de nutrición e identificouse a función das estruturas anatómicas dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas
CA8.1 Discriminouse entre o proceso de nutrición e o de alimentación
CA8.2 Diferenciáronse os nutrientes necesarios para o mantemento da saúde
CA8.3 Recoñeceuse a importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico no coidado do corpo humano
CA8.4 Relacionáronse as dietas coa saúde, diferenciando entre as necesarias para o mantemento da saúde e as que poden conducir a unha mingua desta
CA8.5 Realizouse o cálculo sobre balances calóricos en situacións habituais do contorno
CA8.6 Calculouse o metabolismo basal e os seus resultados, e representouse nun diagrama establecendo comparacións e conclusións
CA8.7 Elaboráronse menús para situacións concretas, investigando na rede as propiedades dos alimentos

4.5.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Alimentos e nutrientes: diferenciación. Recoñecemento de nutrientes presentes nos alimentos.
Alimentación e saúde. Hábitos saudables relacionados coa alimentación.
Concepto e elaboración de dietas. Tipos de dietas. Elaboración de menús.
Hábitos saudables relacionados coa alimentación. Importancia dunha boa alimentación e do exercicio físico.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Procesos de reprodución e relación	25

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Localiza as estruturas anatómicas básicas discriminando os sistemas ou os aparellos aos que pertencen e asociándoos ás funcións que producen no organismo	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Identifícanse e describíronse os órganos que configuran o corpo humano, e asociáronse ao sistema ou ao aparello correspondente
CA6.2 Relacionouse cada órgano, sistema e aparello á súa función, e indicáronse as súas asociacións
CA6.2.1 relacionarouse cada órgano, sistema e aparello, do aparato reprodutor e de relación, á súa función, e indicáronse as súas asociacións
CA6.4 Describiuse a fisioloxía do proceso de reprodución e identificouse a función das estruturas anatómicas do aparello reprodutor
CA6.5 Detallouse como funciona o proceso de relación e identificouse a función das estruturas anatómicas dos sistemas nervioso e endócrino
CA6.6 Utilizáronse ferramentas informáticas para describir adecuadamente aparellos e sistemas

4.6.e) Contidos

Contidos
Niveis de organización da materia viva. Órganos, aparellos e sistemas. Relacións entre eles e as súas funcións.
Fisioloxía do proceso de nutrición: aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor.
Fisioloxía do proceso de reprodución e relación
Fisioloxía do proceso de relación: sistemas nervioso e endócrino.
Fisioloxía do proceso de reprodución: aparello reprodutor e desenvolvemento embrionario.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Saúde e enfermidade	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Diferencia a saúde da doenza, relacionando os hábitos de vida coas doenzas máis frecuentes e recoñecendo os principios básicos de defensa contra elas	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícaronse situacións de saúde e de doenza para as persoas
CA7.2 Describíronse os mecanismos encargados da defensa do organismo
CA7.3 Identifícaronse e clasificáronse as doenzas infecciosas e non infecciosas máis comúns na poboación, e recoñecéronse as súas causas, a súa prevención e os seus tratamentos
CA7.4 Relacionáronse os axentes que causan as doenzas infecciosas habituais co contaxio producido
CA7.5 Describiuse a acción das vacinas, dos antibióticos e doutras achegas da ciencia médica para o tratamento e a prevención de doenzas infecciosas
CA7.6 Recoñeceuse o papel das campañas de vacinación na prevención de doenzas infecciosas
CA7.7 Describiuse o tipo de doazóns e os problemas que se producen nos transplantes
CA7.8 Recoñecéronse situacións de risco para a saúde relacionadas co contorno profesional máis próximo
CA7.9 Deseñáronse pautas de hábitos saudables relacionados con situacións cotiás

4.7.e) Contidos

Contidos
Saúde e doenza: concepto e diferenciación.
Tipos de doenzas: infecciosas e non infecciosas; doenzas de transmisión sexual. Causas, prevención e tratamentos.
Mecanismos encargados da defensa do organismo. Sistema inmunitario.
Hixiene e prevención de doenzas. Tratamento fronte ás doenzas infecciosas. Vacinas.
Transplantes e doazóns.
Saúde mental: prevención de drogodependencias e de trastornos alimentarios.
Hábitos de vida saudables relacionados coas doenzas máis frecuentes e con situacións cotiás.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	A Materia. Mezclas e disolucións. Enerxía e Traballo	35

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece as instalacións e o material de laboratorio e valóraos como recursos necesarios para a realización das actividades prácticas	SI
RA3 - Identifica propiedades fundamentais da materia nas formas en que se presenta na natureza, manexando as súas magnitudes físicas e as súas unidades fundamentais en unidades de sistema métrico decimal	NO
RA4 - Utiliza o método máis adecuado para a separación de compoñentes de mesturas sinxelas en relación co proceso físico ou químico en que se basea	SI
RA5 - Recoñece como a enerxía está presente nos procesos naturais, describindo fenómenos simples da vida real	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA2.2 Manipúlense adecuadamente os materiais instrumentais do laboratorio
CA2.3 Tivéronse en conta as condicións de hixiene e seguridade para as técnicas experimentais que se vaian realizar
CA3.1 Describíronse as propiedades da materia
CA3.4 Efectuáronse medidas en situacións reais utilizando as unidades do sistema métrico decimal e utilizando a notación científica
CA3.5 Identifícase a denominación dos cambios de estado da materia
CA3.6 Identifícanse, con exemplos sinxelos, diferentes sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos
CA3.7 Identifícanse os estados de agregación nos que se presenta a materia e utilizáronse modelos cinéticos para explicar os cambios de estado
CA3.8 Identifícanse sistemas materiais en relación co seu estado na natureza
CA3.9 Recoñécéronse os estados de agregación dunha substancia dada a súa temperatura de fusión e de ebulición
CA3.10 Establecéronse diferenzas entre ebulición e evaporación utilizando exemplos sinxelos
CA4.1 Identifícase e describiuse o que se considera substancia pura e mestura
CA4.2 Establecéronse as diferenzas fundamentais entre mesturas e compostos
CA4.3 Discrimináronse os procesos físicos e químicos
CA4.4 Seleccionáronse, dunha listaxe de substancias, as mesturas, os compostos e os elementos químicos
CA4.5 Aplicáronse de xeito práctico diferentes separacións de mesturas por métodos sinxelos
CA4.6 Describíronse as características xerais básicas de materiais en relación coas profesións, utilizando as TIC
CA4.7 Traballouse en equipo na realización de tarefas

Crterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse situacións da vida cotiá nas que se pon de manifesto a intervención da enerxía
CA5.2 Recoñécense diversas fontes de enerxía
CA5.3 Establecéronse grupos de fontes de enerxía renovable e non renovable
CA5.4 Amosáronse as vantaxes e os inconvenientes (obtención, transporte e utilización) das fontes de enerxía renovables e non renovables, utilizando as TIC
CA5.5 Aplícanse cambios de unidades de enerxía
CA5.6 Amosouse, en diferentes sistemas, a conservación da enerxía
CA5.7 Descríbense procesos relacionados co mantemento do organismo e da vida nos que se aprecia claramente o papel da enerxía

4.8.e) Contidos

Contidos
<p>Normas xerais de traballo no laboratorio.</p> <p>Normas de seguridade e hixiene no laboratorio.</p> <p>Materiais de laboratorio: tipos e utilidade.</p> <p>Técnicas experimentais. Manexo da instrumentación do laboratorio na realización de actividades prácticas.</p> <p>Materia: propiedades.</p> <p>Clasificación da materia segundo o seu estado de agregación e composición.</p> <p>Estados de agregación: sólido, líquido e gasoso. Temperatura de fusión e de ebulición.</p> <p>Sistemas materiais homoxéneos e heteroxéneos. Estados de agregación dos materiais na natureza.</p> <p>Natureza corpuscular da materia. Cambios de estado e modelos cinéticos.</p> <p>Substancias puras e mesturas: identificación, descrición e diferenciación.</p> <p>Substancias puras: elementos e compostos. Táboa periódica.</p> <p>Técnicas básicas de separación de mesturas no laboratorio. Procesos físicos e químicos que interveñen.</p> <p>Características básicas dos materiais relacionados co perfil profesional.</p> <p>Traballo en equipo: repartición de tarefas, normas, orde e elaboración de informes.</p> <p>Manifestacións da enerxía na natureza: fontes de enerxía e procesos en que esta interveñen.</p> <p>Fontes de enerxía renovable e non renovable: identificación. Vantaxes e inconvenientes de cada unha.</p> <p>A enerxía na vida cotiá: identificación de situacións próximas.</p> <p>Formas de enerxía e a súa transformación. Lei de conservación da enerxía.</p> <p>Enerxía, calor e temperatura. Unidades máis habituais do Sistema Internacional.</p>

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Criterios para determinar as cualificacións trimestrais.

A cualificación de cada avaliación será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo/a alumno/a nos seguintes apartados e de acordo coa ponderación proposta para cada un deles.

1.- Probas escritas:

A cualificación correspondente a este apartado na avaliación será a media aritmética das cualificacións obtidas nas distintas probas a realizar. Con carácter xeral, será condición necesaria para que se poidan sumar as cualificacións das diferentes probas escritas a obtención do mínimo dun 30 % do seu valor en cada unha delas; de non darse esta circunstancia non se superará a avaliación.

A non asistencia ás probas deberá ser xustificada e documentada convenientemente: só por motivos de enfermidade ou de forza maior se poderá aprazar individualmente unha proba escrita, nestes casos cómpre a correspondente xustificación documentada (certificado médico, citación xudicial...) para que a proba poida ser realizada noutra data.

2.- Actividades individuais e de grupo:

Proxectos e traballos de investigación, exposicións sobre temas diversos, actividades en laboratorio, traballo na aula... Nestas actividades, se son grupais, os membros do grupo terán unha cualificación individual que pode ser diferente para os diferentes membros do equipo en función da achega feita ao traballo colectivo. Ademais da cualificación dos documentos presentados, para a valoración deste apartado atenderase ás observacións realizadas pola profesora sobre a o traballo individual do alumna/o (elaboración do caderno de aula, anotacións sobre as actividades realizadas na aula...) e ao desenvolvemento do traballo común (participación, colaboración...) Con carácter xeral, será condición necesaria para que se poidan sumar as cualificacións das diferentes actividades a obtención do mínimo dun 30 % do seu valor en cada unha delas, de non darse esta circunstancia non se superará a avaliación.

Cualificación total de avaliación.

A cualificación que corresponderá a cada alumno/a será aquela que resulte de sumar as puntuacións dos apartados 1, e 2 se se cumpren todas as condicións expostas e segundo a seguinte proporción: apartado 1 -80% , apartado 2 -20%.

Con carácter xeral, será condición necesaria para que se poidan sumar as cualificacións nos diferentes apartados a obtención dun mínimo do 30% do valor en cada un deles; de non darse esta circunstancia non se superará a avaliación.

NOTA: Non cumprir as normas dadas para a realización das probas ou tarefas e "copiar" - en calquera das súas modalidades- poderá ser motivo de suspenso na avaliación correspondente.

Avaliación final ordinaria do mes de xuño.

A cualificación final do curso será a media ponderada (*) das tres avaliacións. A materia considérase superada se se obtén unha nota de 5 ou superior.

Con carácter xeral, para superar a materia requírase a superación das tres avaliacións. Non obstante, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é de 4 puntos, e se a media das outras dúas avaliacións é de 5 ou superior a 5.

A cualificación de cada avaliación que se computará neste apartado, no caso de haber probas de recuperación, será a máis alta das obtidas polo/a alumno/a (de entre a de a avaliación ordinaria e as de recuperación das avaliacións suspensas)

(*) Valorarase positivamente e redondeará cara arriba a constancia e regularidade na boa realización das tarefas propostas e a melloría na traxectoria académica e nos resultados obtidos polo alumno/a nas últimas avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Probas de recuperación.

Os/as alumnos/as que non acadaran o aprobado sumando todos os apartados na avaliación correspondente deberán presentarse e superar (obter un mínimo de 5 puntos) unha proba de recuperación que incluíra os contidos totais traballados no trimestre. Ademais, deberá entregar correctamente feitas as tarefas do trimestre correspondente non entregadas ou que deberan ser corrixiadas. Esa proba de recuperación realizarase despois de cada entrega de notas.

Proba final do mes de xuño.

Se o alumno/a suspende algunha avaliación entre as convocatorias ordinarias e as recuperacións correspondentes, deberá realizar a proba final global de xuño.

A recuperación final de xuño constará de probas parciais sobre os contidos das diferentes avaliacións para aquel alumnado que suspendera un ou dous trimestres, e dunha proba final global -sobre os contidos abordados ao longo de todo o curso- para o alumnado que suspendeu todos os trimestres.

Para acadar o aprobado nesta proba final deberase obter un mínimo do 30% do valor na parte correspondente a cada trimestre para que se poida sumar o valor de cada parte, o que dará a nota do curso; En calquera caso, a suma total das respostas das probas deberá acadar o 50% do valor total da proba para resultar o aprobado.

Se se dá o caso de que a cualificación obtida na avaliación suspensa é dun mínimo de 4 e a media final coas outras avaliacións acadase o 5, o alumno/a terá o curso aprobado sen necesidade de realizar recuperación ningunha.

Avaliación final extraordinaria do mes de xuño.

Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación final ordinaria de xuño realizarán unha proba posterior que versará sobre o total dos contidos do curso, a cal considerárase superada se se obtén unha puntuación de 5 ou superior.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Formularase igual que a proba extraordinaria de xuño

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Cada mes farase o seguimento da programación para así poder avaliála e facer os cambios que se consideren oportunos. Todos estes cambios recolléranse e teranse en conta na memoria de final de curso así como na reelaboración da programación do próximo ano académico.

Para facer a avaliación do proceso de cada unidade didáctica terase en conta se a unidade contribuíu ou non ao desenvolvemento dunha práctica rica e se foi suficiente para dar resposta ás demandas da aula.

Algúns dos aspectos sobre os que se podía reflexionar, poderían ser:

- Recursos empregados.
- Valoración de se as actividades foron axeitadas
- Grao de dificultade das tarefas. Se foron axeitadas.
- Observacións e reflexións sobre os procesos da aprendizaxe dos alumnos.
- Adaptación do deseño ás diferenzas individuais que se constaten.
- Se se facilitou un clima de contraste de opinións aberto a todos, garantindo a súa participación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao inicio do curso, consultarase co Departamento de Orientación para coñecer a procedencia de cada alumno e as súas dificultades. Ademais ao comezo de cada unidade faranse exercicios sinxelos referidos a materia para confirmar o nivel de partida en relación aos coñecementos sobre a unidade.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Posto que non todos os alumnos/as teñen o mesmo nivel, nin as mesmas capacidades, nin o mesmo interese por este ámbito, tratarase de atender ao alumnado da forma máis personalizada posible. O profesor, para atender a diversidade, terá en conta os seguintes puntos:

- Fará unha avaliación inicial antes de cada tema para ver os coñecementos previos que cada alumno ten, propondo actividades de reforzo para aqueles alumnos nos que se detecte un atraso significativo.
- Procurará que os novos contidos sexan adaptados ó nivel de desenvolvemento cognitivo dos alumnos.
- Proporará actividades abertas, nas que tódolos alumnos poidan lograr algunha meta, máis ou menos complexa, dependendo da súa capacidade.
- Intentará que a comprensión de cada contido sexa suficiente como para que o alumno faga unha utilización do mesmo na súa vida diaria ou académica e para enlazar os contidos relacionados con él.
- Utilizará estratexias de ensino diversas, potenciará actividades que estimulen a aceptación e a integración e usará recursos didácticos como vídeos, actividades interactivas, pizarra dixital...

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Posto que a finalidade do sistema educativo é favorecer o desenvolvemento integral das persoas co fin de preparalas para participar nunha sociedade que é pluralista e democrática, é fundamental traballar as actitudes para que os valores apuntados na nosa Constitución de igualdade, tolerancia, solidariedade, evitación de conflitos mediante o diálogo, respecto ó medio ambiente... non sexan conceptos lonxanos ao alumnado senón algo tanxible para o cal é necesario que os temas transversais sexan un dos eixos a través do cal debe organizarse o traballo de clase.

Os temas transversais poden considerarse elementos motivadores xa que permiten traballar os contidos das ciencias dunha forma novedosa, ó servir como fonte de utilización de diferentes contextos que proporcionan significados novos ós contidos matemáticos e científicos (exem. Interpretar e debater os % dos préstamos bancarios ou o estudo das carreteras nun mapa). Ademais, estes temas permiten traballar dunha maneira especial os contidos actitudinais.

. A educación moral e cívica abórdase ó estimular as actitudes de rigor, sentido crítico, orde e precisión, necesarias. Tamén na formación humana, fundamental para a educación cívica, o esforzo e a constancia na busca de solucións ás cuestións e problemas. Por último, convén destacar que a familiaridade e gusto hacia as ciencias pode contribuír de forma importante ó desenvolvemento da autoestima, na medida na que o alumno chegue a considerarse capaz de enfrontarse de modo autónomo a numerosos e diversos problemas.

. A educación do consumidor foméntase ó desenvolver actitudes como a sensibilidade, o interese e o rigor no uso das linguaxes alxebraica e estatístico. O sentido crítico, necesario para consumir de forma axeitada e responsable, desarróllase ó coñecer a realidade natural que nos rodea e o seu equilibrio, ó valorar as informacións sobre a medida das cousas, de acordo coa precisión e as unidades coas que se expresan e coas dimensións do obxecto ó que se refire. Tamén inflúe a disposición favorable a ter en conta as informacións probabilísticas na toma de decisións sobre fenómenos aleatorios, a valoración crítica das informacións estatísticas nos medios de comunicación.

. Á educación para a paz contribúe o desenvolvemento do espírito de convivencia e de colaboración a través de actividades de traballo en equipo. A familiarización con outras culturas educa o sentido da tolerancia e de apertura hacia os demais. Con este obxectivo traballaranse problemas

históricos de distintos ambientes culturais.

. A educación para a saúde pódese tratar mediante a realización de traballos de recollida de datos de feitos ou fenómenos estatísticos, elaborando táboas e gráficas e interpretándoas en temas relacionados con procesos fisiolóxicos ou alimentarios, o que nos proporcionará un contexto axeitado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde(hixiene, alimentación correcta, anorexia, prevención de accidentes...). Isto completárase co coñecemento dos distintos aparatos e sistemas así como as súas enfermidades máis habituais.

. A educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos vese potenciada polas actitudes, pautas e medidas metodolóxicas seguintes:

- Aceptación, respecto e valoración das solucións distintas da propia con independencia de que sexan aportadas tanto polos alumnos como por alumnas.
- Formación de grupos de traballo e distribución de tarefas observando agrupamentos non sexistas.
- Uso de linguaxes e hábitos non sexistas.
- O respecto natural hacia as persoas do outro sexo e o traballo en equipo necesario en numerosas actividades da aprendizaxe permiten o desenrolo da afectividade necesaria para a educación sexual das persoas.

. A educación ambiental trátase con actividades acerca do medio ambiente natural e social.

. A educación vial facilítase ó educar o sentido espacial, fundamentalmente a través dos contidos de xeometría. O estudo de planos e mapas contribúe a este obxectivo.

A exposición de contidos, as actividades, as cuestións, os textos, as imaxes e os exemplos dos nosos materiais sempre se elixiran para fermentar a tolerancia e a formación no ríspeto dos dereitos e das liberdades fundamentais; a igualdade entre sexos e os principios democráticos da convivencia, co propósito de formar ós estudantes para que participen na vida cultural, social e económica dun modo responsable.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Neste momento non está previsto facer ningunha actividade extraescolar. de todas formas sempre estaremos abertos as iniciativas educativas novas que nos cheguen , ao longo do curso; sempre que nos parezan interesantes para o aprendizaxe do noso alumnado e viables.